

Acta da sesión extraordinaria da Comisión Informativa de Planificación Urbana e Mobilidade (CIPUM) de 8 de febreiro de 2022

Na Casa do Concello de Carballo, sendo as dezanove horas (19:00 h.) do día oito de febreiro de dous mil vinte e dous (08/02/2022), debidamente convocados reúnen no Salón de Plenos do concello de Carballo, os membros da Comisión Informativa de Planificación Urbana e Mobilidade, baixo a presidencia da concelleira D^a. Milagros Lantes Seara, concelleira delegada da área de Planificación, Estratexia Urbana e Contratación, nomeada por Decreto da Alcaldía nº 2011/2019 de 23 de xullo, coa asistencia dos seguintes membros:

Asistentes (Grupo municipal):

- D^a Milagros Lantes Seara (BNG)
- D^a. María Belén Lendoiro Esmorís (BNG)
- D^a. M^a Mar Eirís Villar (BNG)
- D. Marcos José Trigo Facal (BNG)
- D. Juan Manuel Seoane Collazo (BNG)
- D. Luis Lamas Álvarez (BNG)
- D^a. Beatriz Neira Varela (PP) (*.- en substitución do Sr. Lorenzo Gómez)
- D. José Antonio Domínguez Pallas (PP)
- D^a María del Carmen Vila Blanco (PSdG-PSOE)
- D. César Fernando Varela Novo (PSdG-PSOE)
- D. José Bello Pallas (TEGA)

Asisten en calidade de asesores:

- D^a. Iria Pérez Miranda (equipo redactor Plan Especial)
- D. Miguel Ángel Abad Blanco (equipo redactor Plan Especial)
- D. Alfredo Garrote Pazos (arquitecto municipal)

Asiste o Secretario do concello de Carballo, don José Villán Fuertes, que dá fe do acto.

Declarada aberta a sesión, trátanse os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

1.- Acta da sesión anterior (23/11/2021). Aprobación.

A Comisión Informativa de Planificación Urbana e Mobilidade, por unanimidade dos seus membros (11), acorda aprobar a acta da sesión celebrada o 23 de novembro de 2021, que foi repartida coa convocatoria.

2.- Plan Especial de Protección de Infraestruturas e dotacións en Razo-Arnados (PE-2). Estudio de alegacións.

A Sra. Lantes Seara, Presidenta da Informativa, da as pautas que se van a seguir no estudo das alegacións presentadas ao Plan Especial seguindo as indicacións do equipo redactor e conforme coa documentación que lles foi enviada aos membros da Comisión xunto coa convocatoria. Así hoxe 8 de febreiro estudáranse as alegacións presentadas e que o equipo redactor agrupa en catro lotes ou tipoloxías (1.- *Axuste ámbito*, 2.- *Pasar a solo rústico*, 3.- *Duna* e 7.- *Construcións*). O equipo redactor expoñerá a súa proposta de aceptación, total ou parcial da alegación, ou denegación, e os motivos da mesma. Sobre esa proposta que fai o equipo redactor de cada alegación, pronunciarase esta Comisión sometendo a votación individualmente cada

alegación. O próximo martes 15 de febreiro estudaranse as alegacións presentadas e que o equipo redactor agrupa en outra tres tipoloxías (4.- *Areas*, 5.- *Borde Areas*, e 6.- *Varios*). Antes de comezar co estudo das alegacións recorda a tódolos asistentes o carácter reservado da información que aquí se manexa, que se trata dunha proposta e como tal ten que ser entendida.

A Sra. Pérez Miranda informa que tras a fase de información pública o concello de Carballo da traslado ao equipo redactor das alegacións presentadas ao Plan Especial. Son 69 escritos que, unha vez analizados, se corresponden con 64 alegación debido á duplicidade de escritos e á presentación de escritos complementarios a alegación achegadas. Este é o caso dos escritos: 1-62-63, 2-6, 38-40 e 56-67. Pasa a continuación a expoñer a primeira **tipoloxía** das alegacións referidos ao **AXUSTE ao ÁMBITO** do Plan Especial, e os motivos da estimación ou desestimación que propón.

1. AXUSTE ÁMBITO.

Achéganse 8 alegacións solicitando o reaxuste do ámbito.

Considerando esta clasificación o equipo redactor realiza a seguinte proposta: 8 ALEGACIONES (6 ACEPTAR / 1 ACEPTAR PARCIALMENTE / 1 NON ACEPTAR)

1. AXUSTE ÁMBITO.

Nº ALEGACIÓN	DNI	REF. CATASTRAL	TIPO ALEGACIÓN	PROPOSTA EQUIPO
2	76315982G	002300700NH29C0001AY	1-AXUSTE DELIMITACION	ACEPTAR
60	76332279V	002400500NH29C0001ZY	1-AXUSTE DELIMITACION	ACEPTAR
64	32317668T	002401200NH29C0001AY	1-AXUSTE DELIMITACION	ACEPTAR
66	76293543J	002401300NH29C0000LT	1-AXUSTE DELIMITACION	ACEPTAR PARC
5	76350041T	15019A044001340000IL	1-AXUSTE DELIMITACION	DENEGAR
68	46900036T	15019A044002240000IY	1-AXUSTE DELIMITACION	ACEPTAR
3	32408076H	15019A210000680000EE	1-AXUSTE DELIMITACION	ACEPTAR
59	76309954W	4130702NH2942N0000AK	1-AXUSTE DELIMITACION	ACEPTAR
6			1-AXUSTE DELIMITACION	

O Sr. Bello Pallas, concelleiro do grupo municipal de TEGA, anuncia a súa abstención en todas as alegacións. Critica a nula xestión urbanística do grupo do goberno. No ámbito existe un problema con parcelas con títulos de propiedade que non ten a súa correspondencia con parcelas catastrais. É mais son unha soa parcela catastral. O Concello non ten feito nada encamiñado a solventar ese problema.

A Sra. Vila Blanco, concelleira do grupo político municipal do PSdG-PSOE, anuncia tamén a súa abstención, pois vista a explicación que se está dando nesta sesión polo equipo redactor da súa proposta referida a cada alegación, visto que non contan co plano que se lles está proxectando en pantalla (do que se lle da copia a instancias da Sra. Presidenta) no que poder ubicar cada alegación, visto que non poden ter un xuízo de valor sobre cada alegación sen unha mínima reflexión, anuncia que se terán que abster.

O Sr. Domínguez Pallas, concelleiro do grupo municipal do PP, polos mesmos motivos, comenta que neste momento terían que absterse en tódalas alegacións.

A Sra. Presidente, á vista das intervencións, propón que hoxe se faga a exposición polo equipo redactor da súa proposta, tal e como estaba planificado, e despois da exposición da proposta na vindeira sesión do día 15 de febreiro, os membros da Informativa pasarán a posicionarse sobre cada alegación.

O Sr. Lamas Álvarez, concelleiro do grupo municipal do BNG, só quere apunta que as modificacións e adecuacións catastrais aos títulos de propiedade correspóndelles aos

proprietarios, non ao Concello. Nin o Concello, nin o grupo de goberno, poden promover alteracións catastrais de fincas de particulares.

A Sra. Pérez Miranda continua coa exposición da segunda **tipoloxía** das alegacións referidas a **PASAR A SOLO RÚSTICO** do Plan Especial, e os motivos da estimación ou desestimación que propón. Os alegantes pretenden manter a titularidade privada e non estar nunha zona de equipamento.

2. PASAR A SOLO RÚSTICO

8 alegacións piden a súa clasificación na zona denominada Solo rústico.

Considerando esta clasificación o equipo redactor realiza a seguinte proposta: 8 ALEGACIONES (3 ACEPTAR / 1 ACEPTAR PARCIALMENTE / 4 NON ACEPTAR)

2. PASAR A SOLO RÚSTICO

Nº ALEGACIÓN	DNI	REF. CATASTRAL	TIPO ALEGACIÓN	PROPOSTA EQUIPO
15	79339510K	002401500NH29C0000FT	2-PASAR RUSTICO	ACEPTAR
16	52433583V	15019A04002540000IA	2-PASAR RUSTICO	ACEPTAR PARC
24	36015119V	?	2-PASAR RUSTICO	DENEGAR
34	32394553L	002401400NH29C0000TT	2-PASAR RUSTICO	ACEPTAR
46	52430055Z	15019A04002580000IQ / 15019A04002570000IG	2-PASAR RUSTICO	ACEPTAR
49	76337360S	15019A04004300000IK	2-PASAR RUSTICO	DENEGAR
51	16082203F	001901300NH29C0001PY	2-PASAR RUSTICO	DENEGAR
52	76356432C	001901200NH29C0001QY	2-PASAR RUSTICO	DENEGAR

A Sra. Pérez Miranda continua coa exposición da terceira **tipoloxía** da única alegación referida a **DUNA** do Plan Especial, e os motivos da desestimación que propón. Os alegantes solicitan a expropiación de toda a parcela, e se propón a desestimación por que superaría o 10% da superficie do ámbito para a súa redelimitación.

3. DUNA

1 alegación está relacionada coa zona da duna, áreas de rexeneración A1 e A3.

Considerando esta clasificación o equipo redactor realiza a seguinte proposta: 1 ALEGACIÓN (1 NON ACEPTAR)

3. DUNA

Nº ALEGACIÓN	DNI	REF. CATASTRAL	TIPO ALEGACIÓN	PROPOSTA EQUIPO
55	32349568E	15019A210021250000EF	3-DUNA	DENEGAR

A Sra. Pérez Miranda continua coa exposición da terceira das **tipoloxías** das alegacións previstas para hoxe 8 de febreiro, referidas a **CONSTRUCCIÓN** (lote 7 do documento entregado xunto coa convocatoria), e os motivos da estimación ou desestimación que propón. Dado que son só tres alegacións, aínda que sexan seis documentos (1/62/63), (56/57) e (58), detense na exposición caso por caso e os motivos de estimación ou desestimación que o equipo redactor propón. A alegación núm. 1/62/63 propónse desestimar pola incompatibilidade dese volume arquitectónico coa ordenación do litoral, e coa posibilidade de entendela como establecemento de temporada. A alegación núm. 56/57 propónse aceptar parcialmente e destinalo a equipamento privado e non público, e a non ampliación de usos solicitada. A alegación núm. 58 propónse desestimar por que en zona de servidume non se permite o uso residencial.

7. COSTRUCCIÓN

3 alegacións (que se corresponden con 6 escritos) versan sobre construcións existentes no ámbito do PE.

Considerando esta clasificación o equipo redactor realiza a seguinte proposta: 3 ALEGACIÓNS (1 ACEPTAR PARCIALMENTE / 2 NON ACEPTAR)

7. COSTRUCIÓNS

Nº ALEGACIÓN	DNI	REF. CATASTRAL	TIPO ALEGACIÓN	PROPOSTA EQUIPO
1	76278067Q	002000600NH29C0001PY	7- COSTRUCIÓNS	DENEGAR
56	47367134Z	002000500NH29C0001QY	7- COSTRUCIÓNS	ACEPTAR PARC
58	76343036X	001900700NH29C0001YY	7- COSTRUCIÓNS	DENEGAR
62			7- COSTRUCIÓNS	-
63			7- COSTRUCIÓNS	-
67			7- COSTRUCIÓNS	-

A Sra. Lantes Seara, Presidenta desta Informativa, disinte da proposta do equipo redactor de desestimación da alegación núm. 1/62/63. Se se puidera aceptar como establecemento de temporada permanente, proporía que se aceptase.

A Sra. Pérez Miranda responde que a proposta do equipo redactor é de desestimación desa alegación. En todo caso este tramite e o de resposta ás alegacións, e o documento tería que pasar por Medio Ambiente, despois por Costas, e despois a aprobación definitiva.

3.- Rogos e preguntas.

O Sr. Bello Pallas, concelleiro do grupo municipal de TEGA, roga que na zona de Arnados-Razo, *"pola parte de atrás a este ámbito"* do Plan Especial, se estude a posibilidade do incremento da edificabilidade do 0,20 previsto ao 0,40.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte horas e vinte e sete minutos (20:27 h.), a Presidencia levanta a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu como secretario dou fe.

ANEXO I.- Xustificación do equipo redactor da súa proposta de aceptación ou rexeitamento das alegacións presentadas, conforme se ven indicando nesta sesión de 08/02/2022 desta informativa.

MODIFICACIÓNS DERIVADAS DA ACEPTACIÓN DE ALEGACIÓNS.

Deste xeito a proposta do equipo redactor respecto das alegación supón a grandes rasgos as seguintes modificacións no documento:

En canto ao reaxuste do ámbito exclúense pequenas porcións de parcelas edificables e/ou edificadas na parte posterior das parcelas con fronte a estrada a Razo da Coste e na zona leste do ámbito.

De xeito xenérico non se acepta as alegacións que solicitan pasara solo rústico cando na ordenación prevista están destinadas a dotacións públicas segundo os criterios ambientais e paisaxísticos da ordenación, clasifícase como solo rústico a zona posterior de parcelas edificadas na estradas de Razo da Costa que no documento anterior destinábase a estacionamento estacional.

Acéptanse parcialmente aquelas alegacións que solicitan o cambio do trazado do vial 9/3.1 Que tras a análise do novo trazado considérase viable por parte do equipo.

Modifícase o ancho total das sendas peonís, sen modificar a urbanización de carácter rural prevista no PE e establecendo unha urbanización a executar por parte dos propietarios interesados en considerar as sendas como acceso rodado.

En canto aos propietarios que achegan alegacións sobre construcións dentro do ámbito, no caso da construción destinada a escola de surf considérase viable o seu tratamento como equipamento privado establecéndose condicións para melloral a súa integración paisaxística, non podendo incorporar a totalidade de uso do Pol por estar dentro de Rede Natura e ser o Plan Director RN2000 un instrumento máis restritivo. Os usos residenciais non están contemplados na vixente lei do solo en solo rural nin é un uso autorizable dentro da servidume de costas, polo que non pode aceptarse a alegación achegada de mantemento de usos residenciais en estas condicións. A solicitude de mantemento da construción de carácter residencial existente no aparcadoiro como un servizo de tempada, dado que se trata dunha construción fixa, a menos de 100m de servizos de tempada autorizados outros anos e tratándose dunha autorización excepcional que como requisito para a súa autorización por parte de costas é xustificar a idoneidade so seu emprazamento o equipo propón a súa denegación.